

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL non poida ter presentada a xustificación antes do día 30 de abril de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, ao fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplícaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 23 de xuño de 2022.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

Asdo. D. Valentín González Formoso

Asdo. D. José Miguel Alonso Pumar

O SECRETARIO ACCIDENTAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. D. Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 60 /2022

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL"

Na Coruña, a 22 de xullo de 2022

Ante min, D. Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña  
E doutra parte, D. José Miguel Alonso Pumar, Presidente da ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Accidental da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL consideran de gran interese para a provincia financiar actividades encamiñadas a dinamizar, valorizar, deseñar e xestionar o proxecto de Xeparque do Cabo Ortegal
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, CIF G01628551, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL" tal e como aparecenas definidas na memoria de actividades

##### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| PARTIDAS E ACTUACIÓNS |   | IMPORTE     |
|-----------------------|---|-------------|
| 1.                    | Gobernanza e xestión.   | 66.066,00 € |
| 1.1                   | Dirección técnica, coordinación de actuacións e control do cumprimento dos obxectivos do presente Convenio.   | 36.300,00 € |
| 1.2                   | Coordinación científica do proxecto de Xeparque do Cabo Ortegal   | 10.890,00 € |
| 1.3                   | Creación de órganos de participación-cooperación e networking, tanto territorial, como coa Rede Global de Xeparques.  | 6.776,00 €  |
| 1.4                   | Gastos vinculados ca Auditoría da UNESCO  | 12.100,00   |
| 2.                    | Conservación de recursos, ámbito científico e de investigación.   | 42.350,00 € |
| 2.1                   | Inventario de recursos xeolóxicos, estudo de riscos e plan de actuacións para a protección e posta en valor dos recursos xeolóxicos                               | 9.680,00 €  |
| 2.2                   | Inventario de recursos e plan de acción para a posta en valor de elementos patrimoniais (naturais e culturais).   | 9.680,00 €  |
| 2.3                   | Deseño e creación de Programas educativos, de investigación e sensibilización (centros escolares, universidades, empresas do sector turístico, outros colectivos) | 10.890,00 € |

|   |   |                     |
|---|---|---------------------|
| 2.4   | Elaboración de ferramentas didácticas e material educativo paracentros escolares.   | 12.100,00 €         |
| 3. Territorio e infraestruturas                       |   | <b>102.487,00 €</b> |
| 3.1   | Plan de investimentos e actuacións de equipamento   | 18.089,50 €         |
| 3.2   | Estudo-auditoría de rutas de sendeirismo e BTT  | 18.089,50 €         |
| 3.3   | Deseño e posta en marcha dun programa de intervencións artísticasno territorio do xeparque  | 29.645,00 €         |
| 3.4   | Estudo e creación dun Manual de sinalización de recursos turísticos,definindo un modelo estandarizado.  | 12.523,50 €         |
| 3.5   | Plan de mellora das oficinas de información turística   | 6.050,00 €          |
| 3.6   | Deseño de contidos para espazos interpretativos do territorio   | 18.089,50 €         |
| 4. Comunicación, promoción e visibilidade do proxecto |   | <b>29.040,00 €</b>  |
| 4.1   | Deseño, maquetación e elaboración de publicacións e material dedifusión do proxecto.  | 7.260,00 €          |
| 4.2   | Deseño, maquetación e elaboración dun mapa de recursos doterritorio   | 7.260,00 €          |
| 4.3   | Ampliación de contidos e funcionalidades da páxina web, incluíndoa tradución a inglés.  | 7.260,00 €          |
| 4.4   | Asistencia técnica de comunicación e márketing: xeración de contidos de texto, fotografía e vídeo para páxina web e RedesSociais, así como relación cos medios de comunicación. | 7.260,00 €          |
| <b>TOTAL</b>  |   | <b>239.943,00</b>   |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 239.943,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00%. No caso de que o gasto xustificicado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3339/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificicado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificicado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL . Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL .

### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL unha vez que se presente a seguinte documentación:
  - 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
  - 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
  - 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
  - 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
  - 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
  - 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificidos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.